



## **PLAN DE IGUALDADE**

---

### **IES DE SANXENXO**



## ÍNDICE.

1. Introducción	2
2. Contextualización normativa e do centro.	4
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBTifobia.	5
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:	
4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.	6
4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.	7
4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.	7
4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGTBI fobia.	8
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:	
5.1 Organización do Centro.	8
5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.	8
5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.	9
5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.	9
6. Seguimento e avaliación.	10



## 1. INTRODUCCIÓN.

O modelo educativo do IES Sanxenxo fundaméntase no feito de que todo o alumnado debe recibir unha educación equitativa, inclusiva e respectuosa coas diferencias e coa diversidade como único modo de favorecer o seu desenvolvemento integral como persoas nun contexto inequívoco de boa convivencia.

Nós contamos cunha importante presenza, desde sempre, de alumnado moi diverso e tamén con neae e nee.

A igualdade real e efectiva entre mulleres e homes debe ser para toda a comunidade educativa do noso centro un principio básico e un dereito fundamental, que debe ser exercido e controlado diariamente.

Desde o noso centro sempre vimos a necesidade de traballar na igualdade e impulsar unha escola coeducativa. Aínda así, nos últimos anos seguen a saltar alarmas que como comunidade educativa nos fixeron reflexionar. En primeiro lugar, a recollida de datos estatísticos ao noso alumnado sobre as relación interpersoais; en segundo lugar, agresións verbais explícitas entre alumnado por diferenza de xénero e, en terceiro lugar, a solicitude de axuda de alumnas para saír de relación tóxicas. Polo que o centro, ademais das cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero obrigatorias na lei vixente, puxo en marcha iniciativas como:

- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Aplicar protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Concretar os obxectivos coeducativos en materia de igualdade e de educación afectivo-sexual integral, que serán difundidos entre os distintos membros da comunidade educativa a través dos plans do centro para a súa información e sensibilización.
- Promover unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realizar actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e 17 de maio LGTBI). Tamén procurouse unha mellora e ampliación das accións levadas a cabo tales como:
  - Participar nas PFPP con itinerarios de formación atendendo á inclusión e á igualdade de xénero.
  - Solicitar a participación no Plan proxecta “Por 365 en Igualdade”, “Quérote+”...



- Realizar actividades formativas específicas con obxectivos coeducativos do noso alumnado como é a educación afectivo-sexual, a educación da prevención da violencia de xénero e a educación en emocións.
- Analizar a situación de igualdade de xénero e de violencia de machista no centro.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

**Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, preámbulo “a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas”.

**Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio artigo 1** “establecese como principio da educación o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”.

**Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio artigo 2** “o sistema educativo se orientarase a consecución de determinados fins, entre outros a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”.

### **Decretos de currículo que desenvolven estes principios**

**I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero** proposto, para impulsar o modelo de escola coeducativa, pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade.

Aspectos organizativos recollidos no Proxecto Educativo que resultan salientables para remarcar o peso que a inclusión, a convivencia e a atención á diversidade teñen no centro que están recollidas no Plan de atención á diversidade, no plan de Convivencia e no Plan de Acción Titorial, como:

1. Utilización de **aulas materia** (o alumnado cambia de aula en cada sesión).
2. Participación no **Proxecto TEI** (titoría entre iguais) desde o curso 2016/17 coa aprobación do Claustro de profesores e o apoio do Consello Escolar, nunha clara aposta pola mellora da convivencia como eixo de traballo entre toda a comunidade educativa.
3. **Recreos Alternativos** desde o curso 2013-2014.
4. **Mediación** (Directora-Orientadora)
5. Actividades da **Semana Cultural** (Elección por parte do claustro dun tema común a traballar desde todos os ámbitos e disciplinas durante un curso completo).




6. **Organización dos grupos de 1º ESO no mes de xullo** (Dpto. De Orientación)
7. **Sesións de acollida** a familias do alumnado de 1º ESO durante o curso anterior.
8. **Avaliacións Iniciais.**


### 3 ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBI FOBIA.

O noso centro está situado na vila de Portonovo, pertencente ao concello de Sanxenxo. O sector económico máis importante é o terciario, moi especializado no hostaleiro, xa que se trata dunha zona turística. Alumnos e alumnas suman na actualidade un total de 286, orixinarios na súa maioría das parroquias de Adina, Dorrón e Padriñán, ademais de Portonovo e Sanxenxo, e están distribuídos en 12 grupos entre 1º a 4º ESO, o que nos dá tres grupos por nivel educativo.

O Claustro de profesores e profesoras está composto por 31 docentes, definitivos a maioría e contamos ademais con 5 traballadoras de persoal non docente.

En gráficas, a distribución entre mulleres e homes é a que segue:





No IES Sanxenxo o fomento da igualdade, o respecto á diversidade e a orientación sexual e a condena da violencia machista trabállase ao longo do curso co alumnado tanto en titorías, a través da formación do Plan Proxecta “Por 365 días en Igualdade”, nos Contratos-Programa para a mellora da Convivencia dirixida ao alumnado e profesorado do Programa TEI como en conmemoracións nas que participa todo o centro. Ademais, a participación do noso alumnado nos Recreos Alternativos realizase con total liberdade de decisión. Ademais, desde as PFPP tamén se traballa na formación do profesorado. En colaboración co Concello e o CFR desde o curso pasado tamén reciben formación as familias a través de Xornadas de Formación.

#### 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

##### 4.1 PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES.

Liñas de actuación

- Establecer procesos de reflexión no centro encamiñados a desvelar as desigualdades existentes entre homes e mulleres.
- Revisar a realidade do centro dende unha perspectiva de coeducación.



- Analizar co alumnado como se constrúe a identidade de xénero, cuestionando os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias da súa asunción.
- Sensibilizar ás familias sobre o papel que xogan na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática en torno á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Favorecer as relacións de cooperación entre iguais, fomentando a confianza e a empatía e, evitando exclusións, competitividade ou rivalidade.
- Impulsar o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.
- Fomentar o uso de linguaxe non sexista.
- Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nos diferentes campos da cultura, a política, a sociedade e a ciencia

#### 4.2 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

##### Liñas de actuación

- Promover actuacións encamiñadas á sensibilización, visibilización e prevención da violencia de xénero.
- Visibilizar e corrixir os casos de discriminación de xénero, condutas sexistas e inxustizas.
- Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de violencia de xénero que se poidan dar no centro.

#### 4.3 PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.

##### Liñas de actuación

- Establecer prácticas educativas correctoras de estereotipos.
- Formar na autoestima e autonomía persoal do alumnado de maneira que permita relación de xénero respectuosas.
- Propoñer recursos que permitan ao alumnado crenzas alternativas ás tradicionais.
- Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de falta de respecto á diversidade afectivo-sexual.



#### 4.4 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTI FOBIA.

Liñas de actuación

- Formar na autoestima e autonomía persoal do alumnado de maneira que permita relación de xénero respectuosas.
- Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de falta de respecto, intolerancia ou agresión por LGBTI fobia.

### 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

#### 5.1 ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

- Dar a coñecer o Plan de Igualdade a toda a comunidade educativa a través taboleiro de anuncios e da páxina web.
- Revisar os documento do centro, por se puidese existir linguaxe sexista ou escasa consideración no tratamento da diversidade.
- Potenciar o uso de linguaxe inclusiva, non só a nivel escrito senón tamén a nivel oral.
- Nomear unha persoa responsable do Plan de Igualdade dentro do Consello Escolar.
- Organizar actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e 17 de maio LGBTI).
- Buscar a equidade na representación dos órganos de intervención e decisión (Consello escolar, Xunta de delegadas e delegados)
- En relación á convivencia, potenciar a intervención da xefatura de estudos, titoras e titores e da persoa responsable do Plan de Igualdade na resolución de conflitos, sobre todo, cando na falta cometida poida entrar en xogo a desigualdade entre sexos

#### 5.2 ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

- Analizar co alumnado como se constrúe a identidade de xénero, cuestionando os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias da súa asunción.





- Revisar as programacións e o material escolar dende unha perspectiva de xénero e respecto á diversidade, na que se eliminen reticencias que aínda poidan quedar para comprender que educar en igualdade de xénero é igual de importante que educar en calquera materia.
- Sensibilizar ás familias sobre o papel que xogan na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática en torno á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

### 5.3 XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

- Crear un espazo coeducativo na biblioteca e fomentar a lectura de libros coeducativos.
- Impulsar o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.
- Fomentar a participación do alumnado de ambos sexos nas actividades extraescolares.
- Lugar específico de coeducación no taboleiro de anuncios: publicando novas, concursos, informacións, estatísticas sobre violencia de xénero, creacións do alumnado en materia de diversidade afectivo sexual, etc..., para consulta de toda a comunidade educativa.
- Crear un banco de recursos dixitais

### 5.4 INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- Crear un espazo coeducativo na biblioteca e fomentar a lectura de libros coeducativos.
- Impulsar o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.
- Fomentar a participación do alumnado de ambos sexos nas actividades extraescolares.
- Lugar específico de coeducación no taboleiro de anuncios: publicando novas, concursos, informacións, estatísticas sobre violencia de xénero, creacións do alumnado en materia de diversidade afectivo sexual, etc..., para consulta de toda a comunidade educativa.
- Crear un banco de recursos dixitais



## 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

- Seguimento do plan a través das actuacións levadas a cabo e difusión das mesmas
- Procedemento de autoavaliación do Centro.
- Recopilación de aperturas de protocolos de identidade de xénero, violencia de xénero e de actuacións levadas a cabo en condutas contrarias á convivencia por discriminación de xénero.
- Propostas de mellora.

Portonovo, 14 de novembro de 2019